



A IV Semana do Cinema Galego comeza este martes 14 coa programación de nove películas, mostra do mellor audiovisual do país

***Código Emperador* será o filme inaugural e na súa presentación interviñerán o director Jorge Coira e a produtora Emma Lustres**

Completan a programación *María Casares. A muller que viviu mil vidas, Onde máis doe, O home e o can, A Foreign Song, No somos nada, Live is Life, Valentina e O corpo aberto*, gran triunfadora dos últimos Premios Mestre Mateo


Os pases, que contarán coa presenza dos equipos artísticos e técnicos das películas, como Manuel Manquiña, Xavier Villaverde, Manane Rodríguez, Ángel de la Cruz, Chelo Loureiro ou Ángeles Huerta, entre outros, serán con entrada libre ata completar o aforo

A Coruña, 13 de marzo do 2023.- A Coruña vai acoller a partir de mañá, 14 de marzo, e ata o vindeiro domingo a IV Semana do Cinema Galego, a gran celebración cinematográfica non competitiva do país, que exhibe o máis salientable da produción audiovisual galega do último ano. Un total de nove filmes -os finalistas e gañadores dos XXI Premios Mestre Mateo celebrados este pasado fin de semana- vanse proxectar no Teatro Colón da cidade herculina ao longo destes seis días, en sesións nas que participarán os equipos responsables das obras. Deste xeito, visitarán A Coruña artistas como Jorge Coira, Manuel Manquiña, Xavier Villaverde, Manane Rodríguez, Ángel de la Cruz, Chelo Loureiro ou Ángeles Huerta, entre moitas outras figuras do noso cinema.

O programa da IV Semana do Cinema Galego contará cos largos de ficción *Código Emperador, Live is Life, O corpo aberto e O home e o can*; os documentais *A Foreign Song, María Casares. A muller que viviu mil vidas, No somos nada e Onde máis doe* e a película de animación *Valentina*. O acceso a todas as proxeccións do encontro será de balde, con entrada libre, por orde de chegada á sala, ata completar o aforo.

O talento galego en pantalla grande

A actividade da IV Semana do Cinema Galego botará a andar con ***Código Emperador***, película dirixida por **Jorge Coira** e protagonizada por **Luis Tosar**, que se exhibirá o **martes 14 de marzo** a partir das 20.00h, tras o acto oficial de inauguración e o coloquio, coa presentación por parte do propio director e mais a produtora Emma Lustres.





O **mércores 15**, ás 20.00 h, será a quenda do documental **María Casares. A muller que viviu mil vidas**, unha ollada íntima e profunda de **Xavier Villaverde** sobre a vida da grande actriz coruñesa que vén de recibir o premio Mestre Mateo ao Mellor Documental.

No ecuador da Semana, o **xoves 16 de marzo**, comezarán as sesións dobres no Teatro Colón. Ás 20.00 h vaise proxectar **Onde máis doe**, un documental da cineasta uruguaia afincada en Galicia **Manane Rodríguez**. Un chisco máis tarde, ás 22.00 h, exhibirase **O home e o can**, dirixida por **Ángel de la Cruz** e protagonizada por **Manuel Manquiña**.

O programa do **venres 17 de marzo** iniciarase coa proxección, ás 20.00 h, de **A Foreign Song**, de **César Souto**. Algo máis tarde, ás 22.00 h, o público poderá gozar de **No somos nada**, de **Javier Corcuera**, un repaso aos corenta anos de La Polla Records, unha das bandas máis icónicas do punk nacional.

A sesión do **sábado 18** estará composta por un programa dobre de longametraxes de ficción con estilos moi diferentes. De primeiro, ás 19.30 h, a cita é coa comedia **Live is Life** de **Dani de la Torre**. E de segundo, ás 22.00 h, será o filme gótico **O corpo aberto** de **Ángeles Huerta** quen tome a pantalla do Colón, con **Tamar Novas** e **María Vázquez** como protagonistas. O público coruñés vai ter a oportunidade de gozar novamente en pantalla grande da gran triunfadora da última edición dos Mestre Mateo. **O corpo aberto** alzouse con doce galardóns dos dezaseis aos que optaba, entre eles os das categorías de longametraxe, dirección e guión así como as de mellor interpretación masculina protagonista e de reparto para Tamar Novas e Federico Pérez, respectivamente.

A clausura da IV Semana do Cinema Galego será a mañá do **domingo 19**, ás 11.30 h, e virá da man de **Valentina**, a película de Chelo Loureiro gañadora do Premio Goya á mellor longametraxe de animación no 2022.

Cita co talento

Con esta nova edición, a **Semana do Cinema Galego** consolídase como mostra consagrada ao talento máis próximo, co foco na **complicidade co espectador** e cristalizando sinerxías coa cidade herculina, escenario e catalizador dos **diálogos entre o público e os artistas**. A **Semana do Cinema Galego** está impulsada pola **Academia Galega do Audiovisual (AGA)** e conta co apoio do **Concello da Coruña** e da **Deputación da Coruña** e mais coa colaboración de **Abanca**. Toda a información sobre os horarios e as películas pódese consultar na web <https://semanadocinemagalego.gal/>.



**CONTACTO DE PRENSA
IV SEMANA DO CINEMA GALEGO**

The Office Comunicación

Bea Pérez e Luisa Castiñeira

Tel. 604 070 409 - 620 113 155

Mail: prensa@theofficeco.es

**KIT DE PRENSA
IV SEMANA DO CINEMA GALEGO**

cutt.ly/SCG2023

**CONTACTO DE PRENSA
ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL (AGA)**

Miriam Rodríguez

prensa@academiagalegadoaudiovisual.gal

www.semanadocinemagalego.gal

#SCG2023

PROGRAMA IV SEMANA DO CINEMA GALEGO

Martes 14 de marzo

20:00 h | Inauguración oficial e proxección de *Código Emperador*

Mércores 15 de marzo

20:00 h | *María Casares. A muller que viviu mil vidas*

Xoves 16 de marzo

20:00 h | *Onde máis doe*

22:00 h | *O home e o can*

Venres 17 de marzo

20:00 h | *A Foreign Song*

22:00 h | *No somos nada*

Sábado 18 de marzo

19:30 h | *Live is Life. La gran aventura*


22:00 h | *O corpo aberto*

Domingo 19 de marzo

11:30 h | *Valentina*



Academia
Galega do
Audiovisual



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Deputación
DA CORUÑA



TEATRO
COLÓN

Colaborador:

//ABANCA